MEMORIA 2021

2001-2021
20 anos construíndo profesión
ceesg
colexio de educadoras e educadores sociais de galicia

Responsabilidade social | **É**tica | **T**ransparencia

Pluralidade | **P**articipación | **T**raballo en rede

Utilidade | **E**ficacia | **A**ctualización | **H**orizontalidade

ÍNDICE

Presentación

Estrutura do Ceesg

Estado da colexiación

Actividades

- Área de Comunicación e Participación colexial
- Área de Desenvolvemento Profesional
- Área de Acción Sociolaboral e Profesional
- Servizos do Ceesg
- Representación e participación en órganos externos
- Eventos nos que participamos
- Eventos ou formacións ás que asistimos
- Colaboración coas Universidades
- Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades

Grupos de traballo

- aBeira [Intervención socioeducativa con familias]
- Animación Sociocultural e Xestión Cultural
- A Eira do Ceesg [Desenvolvemento comunitario e Educación ambiental]
- Escaravellando, [Infancia e Adolescencia]
- Fiadeiras [Igualdade e Feminismos]
- Geix [Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica]
- Miolo [Saúde]

Participación no CGCEES

Outras cuestións

Presentación

Esta memoria pretende recoller resumidamente as actividades e eventos máis relevantes realizadas polo Ceesg no ano 2021, ano que pecha a lexislatura iniciada en abril de 2018, liderada por un grupo de persoas que asumimos o compromiso de dirixir o colexio e puxemos o empeño en que a Educación Social acade un maior e máis xusto recoñecemento por parte das administracións, doutros colectivos profesionais, e da sociedade en xeral.

Ven de rematar un ano novamente atípico pero onde a Educación Social continúa a ser esencial.

Temos que celebrar que o número de colexiación aumenta, o que fai máis palpable que o Ceesg fai un labor importante polo recoñecemento e dignificación da profesión. E ademais celebramos o 20 aniversario do Ceesg, sacando a campaña “Camiña con nós”.

Este 2021 continuamos a dar visibilidade á profesión a través da prensa, redes sociais, celebración do DIES, co concurso TFG.eduso... Ofertouse un gran abano de formación interesante para as persoas colexiadas, conseguindo desenvolver o curso sobre o ISE, a colaboración coa EGAP... Reivindicouse o recoñecemento da profesión en diferentes postos da Administración Pública...

Todo este traballo é froito do empeño da equipa da Xunta de Goberno -cos grupos de traballo, as traballadoras do Ceesg e todas aquelas educadoras e educadores sociais

colexiadas e colexiados que participan do colexio- en dar visibilidade á Educación Social e que como profesionais esenciais, a cidadanía teña dereito a contar coa Educación Social dentro das equipas interdisciplinares.

E cómpre facer mención a que con esta memoria remata unha lexislatura chea de aprendizaxe, loita pola dignidade da profesión e visibilidade da profesión a través das educadoras e educadores sociais que cada día aportan a súa visión transformadora e socioeducativa. Unha lexislatura marcada pola Covid, onde a necesidade de profesionais da educación social se fai palpable, recoñecéndonos como esenciais nos diferentes ámbitos de traballo.

Comezamos nova etapa, pero continuando en facer medrar o xa iniciado.

Xunta de Goberno do Ceesg

Estrutura do Ceesg

Xunta de Goberno

Laura Vilaboy Romero
Presidenta
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3873

Sonia González Rodríguez
Secretaria
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 3402

Selene Arias Sáez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 5208

Laura Casal Figueroa
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 0110

Belén Piñeiro Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3286

Noelia Rodríguez Álvarez
Vogal
Área de Comunicación e Participación Colexial
Colexiada nº 3408

Natalia Domínguez Galán
Vicepresidenta
Área de Desenvolvemento Profesional e Área de Acción Profesional
Colexiada nº 0398

Beatriz Caneda Zamar
Tesoureira
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3901

Antón Bouzas Álvarez
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiado nº 0968

Rocío Núñez Rúa
Vogal
Área de Comunicación e Participación colexial
Colexiada nº 3867

Pilar Ramallal Fernández
Vogal
Área de Acción Profesional
Colexiada nº 4801

Paula Varela Costa
Vogal
Área de Desenvolvemento Profesional
Colexiada nº 3680

Organigrama

ASEMBLEA XERAL

Xunta de Goberno

Área de Comunicación e Participación Colexial | Área de Desenvolvemento Profesional | Área de Acción Profesional

PICs

Grupos de traballo

- Geix
- Fiadeiras
- aBeira
- A Eira do Ceesg
- Escaravellando
- Ceesg en Diverdade
- Miolo
- Animación sociocultural e xest. cultural

Comisións

Ética

Persoal contratado

Secretaria Técnica | Educadora Social

Estado da colexiación

A 31 de decembro de 2021 estaban colexiadas no Ceesg un total de 1001 educadoras e educadores sociais. (858 mulleres e 143 homes)

Durante o ano tramitáronse 107 altas e 86 baixas colexiais.

Como amigas/os do Ceesg, no curso 2020/2021 houbo 13 estudantes, e no curso 2021/2022, a data 31 de decembro, 9.

Porcentaxe de colexiadas/os, por sexo.



Motivos das baixas colexiais.



Campaña *Camiña con nós*

No ano 2021, con motivo do 20 aniversario do Ceesg realizouse unha campaña de colexiación consistente en:

- **Cota de alta en colexiacións 2021:** Cota de alta reducida para persoas con antigüidade na titulación maior de 2 anos: 52€ (en vez dos 65€ establecidos)
- **"Se traes a outra EDUSA":** Desconto do 20% nunha cota de mantemento semestral para a persoa colexiada que facilite a colexiación doutra. Exención da cota de alta para a nova persoa colexiada á que lle facilitan a colexiación.
- **Fidelización**: Desconto directo na cota de mantemento colexial: 20 anos de colexiación - 20 € de desconto; 15 anos de colexiación - 15 € de desconto; 10 anos de colexiación - 10 € de desconto; 5 anos de colexiación - 5 € de desconto.

Aplicáronse os beneficios desta campaña en 259 casos. En detalle:

- Cota de alta reducida: 17 colexiadas/os.
- Se traes a outra edusa: 74 colexiadas/os (37 facilitadoras/es de colexiación e 37 novas colexiadas/os)
- Fidelización: 168 colexiadas/os (61 por 20 anos de colexiación, 39 por 15 anos de colexiación, 30 por 10 anos de colexiación, 38 por 5 anos de colexiación)

Actividades

Área de Comunicación e Participación colexial.

- **Conmemoración dos 20 anos do Ceesg:**
  - Uso de logotipo conmemorativo en todas as comunicacións durante o ano 2021.
  - Campaña de colexiación: *Camiña con nós* (ver apartado 'Estado da Colexiación', páx. 7).
  - Campaña '20 anos, 20 motivos': convidando a participar en redes sociais, cunha fotografía na que se comparta o motivo que levou á elección desta profesión, co hashtag #20anosCeesg.



- Contratación dunha **empresa de comunicación** para a xestión das redes sociais e a relación cos medios de comunicación.

Datos sobre prensa:

9 COMUNICADOS:

- Comunicado en relación ao Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19.
- A Educación Social na Xunta de Galicia.
- O Colexio de Educadoras Sociais de Galicia insta á Xunta a cumprir os dereitos sociais das persoas en situación de vulnerabilidade e non reclamar a devolución da Risga
- O bo trato na vellez.
- A Educación Social é interxeracional (Grupo Geix)
- Comunicado 2 de outubro: Día Internacional da Educación Social. Manifesto CGCEES.
- Reclámase o desenvolvemento dunha rede de recursos terapéuticos con persoal especializado para persoas cunha demencia neurodexenerativa. (Xunto con Fagal, COFIGA, COPG, COTOGA, COTSG)
- ‘E no 8M tamén, culpables’ (grupo Fiadeiras, en colaboración co Col·lectiu de Dones i Equitat do CEESC)
- Comunicado do Ceesg, Día da Saúde Mental (grupo Miolo)

6 NOTAS DE PRENSA:

- O Ceesg recorda a inaceptable situación da profesión de Educación Social na Xunta de Galicia, con motivo da celebración dos exames de oposición de 'Educadoras/es'
- O Ceesg reitera ante Sanidade a petición de contar coas profesionais da Educación Social no Plan de Saúde Mental de Galicia “para dar resposta ás necesidades reais da cidadanía”
- O Ceesg insta ao Concello de Ourense a recoñecer a profesión de Educación Social.
- Día Internacional da Educación Social.
- O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia publica en aberto, na súa páxina web, o libro Machismos, de micro nada.
- O Ceesg pide no 25N un maior compromiso desde o ámbito da prevención e sensibilización social para reducir os patróns de conduta machistas de forma progresiva até a súa desaparición.

5 ARTIGOS DE OPINIÓN

- Balance da pandemia e persoas maiores.
- Educación Familiar ou Social? Novos pasos dunha longa andaina.
- A educación social na escola.
- Celebrando a modificación da Lei de Estranxeiría: mentiras contra os dereitos da infancia.
- A Educación social acompaña, non asiste.

4 APARICIÓNS EN NOVAS DE PRENSA

(21noticias, Galicia Confidencial, Faro de Vigo).

6 ENTREVISTAS OU DECLARACIÓNS AOS MEDIOS

(Galicia Confidencial , Nós Diario, Radio Galega).

GD | #COVID-19 | Política | Comunicación | Sociedade | Economía | M. Ambiente | Ciencia | Cultu

Temas: SAúDE MENTAL | SAúDE | XUNTA | SANIDADE | GALICIA | PANDEMIA | PRIMARIA

A rebelión das educadoras sociais contra a Xunta: "para a Consellería de Sanidade somos invisibles"

Denuncian que non foron tidos en conta á hora de elaborar o Plan de Saúde Mental pos-covid-19.

- Os educadores sociais reinvidican o seu traballo no inicio do curso escolar
- Os educadores sociais súmanse ás críticas á Xunta pola reorganización de centros educativos

Por Galicia Confidencial | SANTIAGO DE COMPOSTELA | 13/01/2021 | Actualizada ás 22:20

Nova fronte aberta entre a Xunta e o colectivo sociosanitario. Logo de meses de protestas no seo da atención primaria e hospitalaria, o foco semella estar posto nos profesionais da saúde mental e que contribúen ao coidado da mesma. O Colexio de Educadoras Sociais de Galicia **vén de se mobilizar "unha vez máis" contra unha "falta de consideración" por parte das autoridades competentes** que ven patente no derradeiro Plan de Saúde Mental elaborado pola Consellería de Sanidade.

Coronavirus Movementos sociais

Balance da pandemia e persoas maiores

A Educación Social na praza /

Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CEESG

martes 15, xuño 2021

Dúas mulleres anciás camiñan coa axuda doutra muller na contorna de San Martiño Pinario, en Santiago, no verán de 2019 CC-BY-SA Ana Varela / Xunta

Educación social ao servizo da inclusión

O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais da Galiza prepara unha batería de achegas á reforma da Lei de inclusión galega de 2013.

Esta mesma semana conta presentar unha serie de solicitudes que pretenden ampliar os dereitos e garantías das familias máis vulnerábeis e sen recursos. "De entrada, queremos que se cumpran os prazos de trámite da renda de integración social da Galiza. Hai grandes demoras que fan que se atrase unha atención urxente para moitas familias". Tamén solicitarán a incorporación de educadoras sociais aos acompañamentos socioeducativos de familias con crianzas, e ademais, "un apartado de especial relevancia para que menores tutelados ou en acollemento familiar teñan acceso directo á Risga co acompañamento da educación social durante o proceso de autonomía" co obxectivo de favorecer cambios e que non queden desprotexidos".

nòs DIARIO

Política | Social | Internacional | Traballo | Economía | Cultura | Lingua | Opinión | Deportes | Historia | SERMOS GALIZA

Educación Familiar ou Social? Novos pasos dunha longa andaina

LAURA VILABOY

16:58 DO 8 DE SETEMBRO DE 2021

O que se di, e o que se nomea, sempre importa. Porque o que non se di, o que non se nomea, é invisible a ollos da sociedade. Por iso o nomeamento e recoñecemento dunha profesión no marco normativo, especialmente cando ten un carácter pedagóxico e posibilita a incorporación das persoas á promoción social e cultural, é fundamental.

Outras Voces

--Escolla un autor ou autora--

Hoxe en Nós Diario

Queixas nos centros de saúde polo "descontrol" na campaña de vacinación

Acontece

A educación social na escola

A Educación Social na praza / Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

venres 10, setembro 2021

Alumnado dun instituto galego CC-BY-SA Xunta

Os dramáticos episodios de violencia acontecidos este verán en todo o Estado (e, nomeadamente, en Galicia) poñen no centro do debate público os crimes de odio. Un debate ao que as institucións deberían achegar unha resposta clara: a de **fortalecer a Educación nos valores de respecto, igualdade, inclusión, empatía e**

Educadores sociales reclaman más presencia profesional en centros escolares

Con motivo del día internacional dedicado a estos especialistas se llevaron a cabo la lectura de un manifiesto y diversos talleres para niños

E. Filgueira

Ourense | 30·09·21 | 04:00

nòs DIARIO

Política Social Internacional Traballo Economía Cultura Lingua Opinión Deportes Historia SERMOS GALIZA

A Educación Social acompaña, non asiste

SONIA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

09:24 DO 8 DE DECEMBRO DE 2021

Inclusión Social. Dúas verbas tan sinxelas e tan complicadas que para a Educación Social son a base da profesión.
Está de actualidade a remodelación da Lei de inclusión social da Galiza, e o que sempre podería ser una oportunidade de xerar cambios, seica non é tal.
Escúsenme vostedes, mais vendo as últimas actuacións, semella que non será máis que outra forma máis de baleirar o cocho: ofrecer contratos por seis meses que xeran maior desprotección ao finalizar os mesmos e que reducen números é algo que tecnicamente todas desaprobaríamos. Daquela, que facemos?

praza

Tal día coma hoxe de 1950, Castelao faleceu no exilio en Bos Aires

Accede Faite socia

Orzamentos 2022 Pola sanidade pública Dereito á vivenda 40 anos do Estatuto Sector eólico Coronavirus Máis

Movementos sociais

Celebrando a modificación da Lei de Estranxeiría: mentiras contra os dereitos da infancia

A Educación Social na praza / Deibe Fernández-Simo

mércores 10, novembro 2021

Catro mozos migrantes participantes no programa Mentor en Ourense © Igaxes

O periplo dun menor migrante: "Gustaríame quedar en Marrocos se as cousas fosen como en Galicia, non me tería matado para vir"

domingo 17, outubro 2021

Adolescentes que emigran en solitario amosan a súa realidade no proxecto audiovisual 'A Tribo': "estas curtas son a nosa voz"

luns 5, xullo 2021

O martes 19 de outubro o Consello de Ministros aprobou unha modificación da Lei de Estranxeiría. A reforma facilitará a obtención dos permisos de residencia e de traballo a máis de 15.000 mozos e mozas migrantes. **Ata este momento, o marco lexislativo ten sido un dos principais obstáculos no proceso**

Datos sobre redes sociais:

Twitter:
1373 seguidoras/es. 576 tuits. 176 mencións.

Facebook:
6406 seguidoras/es. 6365 *likes*.

- Cumprimento dos requisitos legais e difusión do documental ‘Fitos e Feitos da Educación social’.
- Campaña **#EducaciónSocialProfesiónEsencial**, coincidindo coa celebración do exame de oposición das prazas de Educador/a da Xunta: distribución in situ de **máscaras e chapas** para compartir unha foto co hashtag e o título ‘A miña profesión ten nome: Educación Social’.

- Celebración do Día Internacional da Educación Social. **DIES 2021**:
    - **EdusoMes.** Vídeos breves de colexiadas/os que comparten a súa visión sobre a profesión, ao longo de todo o mes de outubro.
    - **Educación Social en Ourense.** Acto na rúa para a reivindicación e visibilización da profesión, en colaboración coa Facultade de Educación e Traballo Social do Campus de Ourense (U. de Vigo). Desenvolveuse un obradoiro para a o deseño colaborativo dun marcapáxinas-calendario 2022, e outro para reflexar a profesión a través de xoguetes Playmobil. Tamén se fixo unha lectura colectiva do manifesto.



- Resolución do **7º Concurso TFG.eduso.** Premiáronse en total 6 traballos: un por cada modalidade e unha mención especial nos cursos 2018/2019 e 2019/2020. Publicación dun libro que recolle os traballos íntegros, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- Convocatoria do **8º Concurso TFG.eduso** (curso 2020/2021)

- Colaboración nas **campañas do CGCEES** pola celebración de días internacionais.

- Colaboración cos grupos de traballo para a **emisión de comunicados** en días conmemorativos relacionados coa profesión (8 de marzo: Día das Mulleres; 15 de xuño: Día da toma de conciencia sobre o abuso e maltrato na vellez; 10 de outubro: Día da Saúde Mental).

- Edición e publicación do **calendario** de sobremesa 2022, e do calendario-marcapáxinas.

- Edición dunha **libreta** que destaca o labor de 8 mulleres en distintos ámbitos da Educación Social.

- Deseño dunha **camiseta para o 8M**: #EducaciónSocialFeminista.

- Inicio dos traballos para edición dun libro protagonizado polos **Bolechas**, para divulgación da Educación Social.
- Colaboración coa **Revista Galega de Educación** na sección Educación Social e Escola, de Nova Escola Galega.
- Elaboración dunha '**Guía de comunicación inclusiva, diversa e non sexista**'.

- Continuación coa **transformación dixital do Ceesg**, cara a posta en marcha dunha sede electrónica que funcione como portelo único. Actualmente en desenvolvemento.
- Xuntanza coa **Secretaría Xeral de Política Lingüística**, para establecer posibles colaboracións.

Área de Desenvolvemento profesional

- **Feira dos grupos de traballo**, a través da cal cada grupo de traballo compartiu na nosa canle Youtube un breve vídeo no que presenta os obxectivos do grupo, convidando á participación.

Diverdade. Grupo de Traballo

Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural

aBeira. Grupo de traballo do Ceesg sobre intervención socioeducativa con familias

Fiadeiras. Grupo de Traballo

Grupo Miolo, sobre Educación Social e Saúde

A Eira do Ceesg. Grupo de traballo

- **Obradoiro en liña sobre trata con seres humanos**, impartida pola ONG Accem.

- **Obradoiros en liña sobre sexualidade e xénero**. Catro obradoiros gratuítos: *Prevención da violencia de xénero dixital; Atención á xuventude, mulleres e homes inmigrantes en saúde sexual; Prevención sobre situacións de xénero e violencia sexual no contexto do consumo de drogas na mocidade*, e *Sensibilización e empoderamento no marco dos dereitos sexuais*. (Acción organizada polo grupo de traballo Fiadeiras, impartida pola Federación de Planificación Familiar Estatal)



- Colaboración coa **Fegamp**, co desenvolvemento do **curso *'O ISE como ferramenta de intervención das educadoras e educadores sociais'***

- Curso en liña gratuíto ***'ISE: aplicación práctica'.*** (Grupo aBeira)

- **Encontro-faladoiro: *'Adolescencia migrante en Galicia. Retos do acompañamento socioeducativo durante a emancipación'.*** (Grupo Escaravellando)

- Formación en liña: ***‘Detección e intervención social en casos de discriminación e delitos de odio. Implicacións da reforma da lei de estranxeiría para menores migrantes non acompañados’***, impartida por SOS Racismo Galicia.

- Fomento da participación no **VIII Congreso Estatal de Educación Social** (adiado a 2022)

- Convenio de colaboración con **EspazoCoop**, para a realización de actividades de información, asesoramento, orientación e formación encamiñadas ás persoas interesadas no autoemprego baixo a fórmula de Cooperativa de traballo.

- Mantemento de colaboracións con entidades para a realización de **formación con descontos** nas cotas de inscrición. Ofrecéronse 12 cursos de formación con desconto.

- Xuntanza co Secretario Xeral da **EGAP** (Escola Galega de Administración Pública) para estudo de posibles colaboracións, e posterior sinatura de convenio de colaboración.
- Xuntanza coa responsable académica do "Experto universitario en ética aplicada a la acción social y psicoeducativa", da **Fundación Pere Tarrés**, xunto á Comisión Ética e de Benestar Profesional do Ceesg.
- Xuntanza con **Down Pontevedra**, para establecer posibles colaboracións no eido da formación.
- Elaboración dun **Manual de elaboración de textos accesibles.**
- Elaboración dun baremo de **criterios para a difusión** de actividades formativas externas.
- Reforzo e impulso da **Comisión de Ética e Benestar Profesional.**
- Designación de colexiadas/os para exercer como **membros de tribunais** para procesos de selección de persoal a petición dos concellos de Porto do Son, Poio, Oroso e Fene.

Área de Acción profesional

- **Seguimento, revisión e presentación de alegacións ás convocatorias de prazas de Educación Social na Administración pública:**

  * Recurso contra a **Relación de Postos de Traballo da Deputación da Coruña**, para o cambio de denominación de varios postos pola de 'Educador/a social', establecendo o requisito da titulación en Educación Social para o acceso ao mesmo.

  * Recurso contra as bases do procedemento selectivo de doce prazas de **Educador/a Infantil, da Deputación da Coruña**.

  * Escrito ao **Concello de Carballiño**, solicitando que se contrate persoal educador social, dando cumprimento á normativa vixente en materia de dotación de persoal dos servizos sociais.

  * Recurso contra a convocatoria específica para o nomeamento de funcionarias/os interinas/os nas categorías de **Educador/a de familia e Educador/a da unidade de día do Concello de Ourense**.

  * Alegacións ao recurso contra as bases do **concello de Oroso** para a contratación dun/ha **educador/a familiar**, presentado por parte doutra entidade, que solicitaba ampliar os requisitos de acceso a persoas con titulacións distintas a Educación Social.

  * Recurso contra as bases reguladoras do proceso selectivo para a selección do **equipo docente e directivo** do "Obradoiro de emprego e xestión forestal Torre de Goiáns - **Boiro**", solicitando admisión da titulación de Educación Social

para o posto de Titor/a.

* Escrito ao **Concello de Sober**, sinalando a conveniencia de actualizar a denominación e requisitos de acceso ao posto de 'Educador/a familiar'.

* Recurso contra as bases de selección de '**Técnica/o de intervención familiar' do Concello de Fene**.

* Escrito ao **concello de Miño** solicitando rectificación da **Relación de Postos de Traballo**, para que a titulación do posto 'Educador/a familiar' sexa Educación Social, coa recomendación de modificar tamén a denominación do posto para substituíla por 'Educador/a social'.

- **Accións para o recoñecemento da educador/a social en diferentes ámbitos:**

  * Xuntanza coa Concellería de Sanidade, Asuntos Sociais e Igualdade do **Concello de Ourense.** Petición por escrito de modificación da **denominación dos postos de Educador/a de familia e Educador/a da Unidade de Día**.

  * Xuntanza Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns do **Concello Santiago de Compostela**. Petición por escrito de **modificación da denominación dos postos de Educador/a familiar.**

  * Xuntanza coa Subdirectora Xeral de Atención Primaria e a Xefa de servizo de Saúde Mental da **Consellería de Sanidade**, para solicitar a inclusión **de educadoras/es sociais nos equipos de atención á saúde mental e as adiccións**, así como a ter en conta ao Ceesg como entidade interlocutora en calquera asunto relacionado con estes ámbitos.

  * **Achegas**, no período de audiencia e información pública, ao Proxecto de Real

Decreto polo que se modifica o Real Decreto 581/2017 polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a **normativa relativa ao recoñecemento das cualificacións profesionais**. Solicitude de incorporación da Educación Social como Profesión Regulada na actualización do Anexo do Real Decreto.

* **Achegas** ao borrador de Orde pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a **atención á diversidade do alumnado** dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Defendendo o recoñecemento da Educación social no ámbito escolar.

* Escrito á Consellería de Educación, para trasladarlle as nosas **consideracións sobre a rede Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL)**, lamentando que o plan adoeza da falta de adecuación profesional para a súa execución e presentando Educación Social como profesión idónea para este fin.

* Escrito á Consellería de Sanidade en relación ao **Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid19**, para reclamar que se reflexe no mesmo, e nas posteriores revisións, a necesidade da Educación social neste eido.

* Carta dirixida a **ANPAS Galegas e CONFAPA**, na que informamos de axudas ofrecidas pola Xunta, para a promoción da igualdade e prevención e loita contra a violencia cara as mulleres, a través das cales poden contratar educadoras/es sociais.

- **Achegas** para o desenvolvemento dun proxecto normativo dunha **lei integral contra a trata**, durante o trámite de consulta pública. Sinalamos as liñas xerais a ter en conta, como a importancia de creación de equipos interdisciplinares que contem-

plen a Educación Social, ou que se faga unha mención especial ás vítimas menores, entre outras.

- **Achegas** ao proxecto de modificación da Lei de Inclusión Social de Galicia.
- **Achegas** á **Estratexia Galega de atención á soidade non desexada**, tanto anteriores como posteriores á publicación do borrador elaborado pola Consellería.
- Escrito dirixido á Xunta de Galicia, solicitando que rectificación na solicitude de **reintegro de varias mensualidades da RISGA** ás persoas beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital.
- Xuntanza coa Secretaría Xeral de **Igualdade**, para coñecer o desenvolvemento e **situación do convenio** asinado en 2020 para a atención integral a atención a orfas/os vítimas de violencia de xénero.
- Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión Social, para abordar a **modificación da Lei de Inclusión Social** e tratar asuntos pendentes.
- Xuntanza coa Subdirección Xeral de Inclusión Social, para tratar a **incorporación do Informe Socioeducativo na Historia Social Única Electrónica e a creación dun módulo específico de Educación Social no SIUSS**.
- **Xuntanza coa concelleira do concello da Coruña** do grupo municipal Marea Atlántica, Silvia Cameán.
- **Xuntanza coa Rede de Centros de Trastornos Adictivos de Galicia**, para a posta en común da situación actual e propoñer estratexias de acción.
- **Xuntanza coa asociación Acougo**, para compartir opinións e posibles colaboracións en relación coa situación do sistema de protección de menores.

- **Xuntanza coa asociación Arelas** (Asociación de Familias de menores trans) para establecer posibles colaboracións.
- **Xuntanza coa entidade *Arela***, para colaboración na difusión do programa Convive.COMigo.
- **Xuntanza con Amino Galicia**, para o establecemento de posibles colaboracións.
- Xuntanza co Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e co Director Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, para ofrecer a colaboración do Ceesg no deseño do novo **Modelo de xestión e atención para as Residencias de Maiores**, así como para solicitar o seu apoio no recoñecemento da categoría de **Educador/a social na oferta pública de emprego da Xunta e no convenio colectivo de residencias privadas de maiores**. (Grupo Geix)
- **Xuntanza coa Federación de Familiares e Usuarias de Residencias e da Dependencia (REDE)**, para compartir puntos de vista sobre o novo modelo de residencias proposto pola Xunta, así como do informe sobre soidade non desexada, de cara a posibles colaboracións.
- **Contacto coa Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos**, para informar do perfil profesional de Educación Social, das súas competencias e funcións, para telo en conta en futuras contratacións.
- Contacto coa **Consellería de Sanidade** para solicitar prioridade na vacinación contra a COVID19 de educadoras/es sociais.
- Aprobación de **Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e por razóns de sexo**, así como unha Declaración Institucional de compromiso de traballo libre de acoso sexual e por razóns de sexo.

poboación reclusa adiccións
infancia xestión cultural mocidade
cooperación terceiro sector
minorías lecer
inclusión social
ceesg

Servizos do Ceesg

Enquisa para coñecer a opinión das persoas colexiadas para a mellora tanto dos servizos como de toda a actividade do colexio.

Emprego. Publicación de 421 ofertas de traballo que suman máis de 715 empregos.

Listaxe de empresas de Educación Social, a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.

Formación con desconto para persoas colexiadas ou amigas do Ceesg, ofrecidas por diversas entidades.

Asesoramento xurídico. Atendéronse 103 consultas colexiadas, , sobre temáticas en materia laboral, extralimitación competencias, intrusismo profesional, asesoramento en materia de recursos e reclamacións, protección de datos, emprendemento e subvencións . Realizouse unha enquisa para a valoración do servizo.

Correo-e. Actualizouse o dominio do email a ceesg.gal. Creáronse 51 contas de correo.

Atención colexial e á cidadanía. Rexistráronse 89 consultas, a maioría realizadas por persoas colexiadas.

Seguro de Responsabilidade Civil Profesional. Formalizáronse ao longo do ano 127 subscricións a este seguro.

Listas de Peritaxe. Remitíronse aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.

Avisos en liña. Enviáronse 80 mensaxes informativas por correo-e, coa actualidade do Ceesg e da profesión.

Ética e deontoloxía. A Comisión de Ética e Benestar Profesional non recibiu peticións de orientación.

Préstamo de instalacións. Non se realizaron peticións de préstamo das instalacións. Ampliouse o servizo coa posibilidade de préstamo a empresas de Educación Social dunha carpa serigrafiada, un altofalante e dous micrófonos inalámbricos.

Biblioteca. Realizáronse 11 préstamos e rexistráronse 35 novas publicacións ou materiais. Iniciouse un proceso de expurgo, para a mellora do fondo bibliográfico e poder acoller novas publicacións.

Representación e participación en órganos externos

- **Consello Galego de Benestar Social**. Xunta de Galicia. Participación nos plenos do 19 de outubro e 3 de decembro.
- **Observatorio Galego de Violencia de Xénero**. Xunta de Galicia, formando parte do Pleno, do Grupo de Traballo 3 (*Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo*), do Subgrupo Técnico incluído neste último, e do Grupo de Traballo 4 (*Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual*). Xuntanza do Grupo de Traballo 4 o 19 de febreiro.
- **Consello Local de Inclusión Social**. Concello da Coruña. Xuntanza 18 de maio.
- **Foro Galego de Inmigración**. Xuntanzas nos meses de febreiro e marzo.

Eventos nos que participamos ou colaboramos

- **XVI-XVII Xornadas Interxeracionais Rurais**, e no marco da mesma, presentación do libro 'Cabreiros, 15 anos de dinamización comunitaria. Olladas e recursos interxeracionais no rural', no que se incluíu un artigo da Presidenta do Ceesg. Asociación veciñal de Cabreiros e Universidade de Santiago.
- **I Congreso Internacional de Educación y Jóvenes en Dificultad Social en Transición a la Vida Adulta** ('Transiciones 2021')
- **Invernada de cine de Cabreiros**, participando na sesión inaugural. Asociación veciñal de Cabreiros.
- **Congreso Internacional da Sociedade Iberoamericana de Pedagoxía Social** (SIPS) 2021 e do XXXIII Seminario Interuniversitario de Pedagoxía Social, organizado pola SIPS e o Grupo SEPA-interea da Universidade de Santiago. Participación na mesa inaugural.
- **Xornadas de Experiencias Culturais 2021:** Tira do freo, coidemos o noso, organizadas polo alumnado da Universidade de Santiago.

Eventos ou formacións ás que asistimos

- **Presentación da *Guía de Servizos de Emerxencia Social en Lectura Fácil***. Fademga.
- **Seminarios sobre *Boas Prácticas de Asistencia a Vítimas de Violencia contra as Mulleres***. Consensus, no marco do proxecto europeo SeRV.
- **Presentación dos resultados do *Proxecto XERF@* sobre a profesionalización e as competencias do sector cultural**. Secretaría Xeral de Cultura.
- **Webinario *Mulleres con e sen Discapacidade Coidadoras***. CERMI Galicia.
- **Presentación da Estratexia Galicia Dixital 2030.** (Grupo A Eira do Ceesg)

Colaboración coas Universidades

- **Presentación da *Guía de Servizos de Emerxencia Social en Lectura Fácil***. Fademga.
- Colaboración co alumnado coordinador dos **Puntos de Información Colexial** das Facultades das Universidades da Coruña e de Santiago.
- **Presentación do libro "Educación social: a guía definitiva",** coa colaboración das persoas autoras:, Lucía Fernández Coutado e Millán Brea Castro. Actividade organizada polo alumnado PIC da Universidade da Coruña.
- Posta en marcha de conta de **Instagram do alumnado PIC da Universidade de Santiago**: @ceesgusc.
- Participación na **xornada '*E agora, que?*',** de orientación profesional para o alumnado de 4º de Educación Social, organizada pola Universidade da Coruña.
- Participación na **xornada sobre saídas profesionais da Educación Social,** organizada pola Universidade de Santiago.
- Participación no **acto de graduación** do alumnado de Educación Social na Universidade de Santiago de Compostela e na Universidade da Coruña.
- **Presentación do Ceesg e do grupo de traballo Escaravellando** ao alumnado de 4º de Educación Social da Universidade de Santiago, no marco da materia "Acción Socioeducativa coa Infancia e a Xuventude".
- **Colaboración na materia *Contextos e Ámbitos da Educación Social*, da Universidade de Santiago**, achegando a visión de profesionais en diferentes ámbitos de traballo, así como xuntanzas co seu docente.
- **Entrevista cunha alumna** da Universidade de Santiago, para o traballo de Fin de Grado

"Construyendo la profesión: realidades y desafíos de los Colegios profesionales de Educación Social".

- **Presentación nunha materia de Educación Social da Escola Superior de Educação de Viseu**, para dar a coñecer o traballo do colexio e o papel da Educación Social no eido das persoas maiores, particularmente na área do envellecemento ativo e xubilación (Grupo Geix).
- Colaboración de profesorado como **xurado do 7º Concurso TFG.eduso**.
- **Xornadas de Experiencias Culturais**, organizadas polo alumnado de Educación Social da Universidade de Santiago.
- **Presentación do Ceesg** na materia de Formación e Profesionalización en Educación Social, na Universidade de Santiago.

Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades

- 8 de marzo. **Día Internacional das Mulleres.** Peche da sede polo Día Internacional das Mulleres, 8M, en apoio á folga feminista.
- **Sinatura do Manifesto polo Día Mundial do Autismo 2021.** Confederación Autismo España.
- **Gran Marcha contra a invasión eólica en Galiza.** Colectivos e plataformas ecoloxistas, veciñais, sociais, culturais, sindicais de toda Galiza.
- 25 de novembro. **En negro contra as violencias**.

Grupos de traballo

aBeira, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias.

- Curso en liña gratuíto ***'ISE: aplicación práctica'*.**
- Actividade en redes sociais.

aBeira

Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias

Integrantes:

- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Ana Mª. Domínguez Márquez.
- Mónica Fernández Gesteira.
- Sonia González Rodríguez (coordinadora)
- Lucía Vázquez Vázquez.

Baixas en 2021: Estefanía Lema Moreira

Animación Sociocultural e Xestión Cultural

- Reunión do grupo.
- Captación de persoas para o grupo de traballo.
- Espazo CAM.
- Colaboración coas Xornadas de Experiencias Culturais da Universidade de Santiago de Compostela.
- Monográfico sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural na Revista Galega de Educación.
- Acción "laboral", para analizar convocatorias de prazas deste perfil profesional.

Integrantes:

- Iván García García (coordinador)
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanessa Otero Dios.
- Javier Riádigos Couso.

A Eira do Ceesg, Grupo de traballo sobre Desenvolvemento Comunitario e Educación Ambiental

- Participación/asistencia en encontros, cursos, xornadas e outros eventos organizados por entidades afíns na medida das nosas posibilidades e intereses das membras do grupo.
- Promoción do grupo a través do Ceesg como chamamento para a incorporación de novas integrantes.
- Publicacións nas redes sociais do grupo de traballo sobre temas de interese ou publicacións relacionadas co Ceesg.

Integrantes:

- Enma Alcaide Ucha.
- Kylyan Marc Bisquert i Pérez.
- Nereida Rivero Cruz
- Mª del Valle Marcos García-Conde (coordinadora)

Escaravellando, grupo de traballo sobre Infancia e Adolescencia

Actividades:

- Encontro-faladoiro en liña: ‘Adolescencia migrante en Galicia. Retos do acompañamento socioeducativo durante a emancipación’.

Integrantes:

- José Luis Carballo Iglesias.
- María Quintas Sotelo (coordinadora)

Altas en 2021: Gabriel Aúd Vázquez, Jesús Deibe Fernández Simo, Xesús Martínez Fernández e Rocío Núñez Rúa.

Baixas en 2021: Beatriz Caneda Zamar.

Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade

- Xuntanzas de traballo virtuais co Grupo Dones i Equitat do Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya. 28 de xaneiro e 25 de febreiro.
- Xuntanza Grupo 4 sobre 'violencia sexual' do Observatorio Galego da Violencia de Xénero. 19 de febreiro.
- Representación do Ceesg no grupo de Traballo 3 “Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo” e Subgrupo técnico 3.
- Comunicado Conxunto 8 de marzo. Ceesg e Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya.
- 4 Obradoiros sobre sexualidade impartidos pola Federación de Planificación Familiar estatal (FPFE). Abril- maio.
- Vídeo difusión grupos de traballo do Ceesg. 21 de xuño.
- Publicación en dixital de Machismos de micro nada. 16 de setembro.
- Intervención na Radio Galega. Aniversario Fiadeiras. 21 de setembro.
- Redacción artigo de Prensa 10° aniversario Fiadeiras.

- Xuntanzas “Comisión Género y Diversidad. CGCEES”. Maio, xuño, setembro e novembro.
- Elaboración dos contidos da publicación Retallos Son de Fiar, que sairá no 2022.

Integrantes:

- Eva Mª Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán.
- Raquel López Fernández.
- Tania Merelas Iglesias.

Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica

- Xuntanza, a través da coordinadora do grupo e presidenta do colexio, co Director Xeral de Maiores e Diversidade funcional e o Director Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, para reivindicar a nosa figura dentro das equipas interdisciplinares, así como solicitar a nosa incorporación nos grupos de traballo da elaboración do novo modelo de residencias e da guía contra a soidade non desexada.
- Achegas á "Estratexia Galega de Atención á Soidade non desexada", da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria.
- Artigos de prensa: *Balance pandemia e maiores*.
- Continuidade na Comisión Estatal de Avellentamento Activo e Aprendizaxe ao Longo da Vida, do CGCEES.
- Subida de artigos e mantemento do Blog https://geixblog.wordpress.com/
- Publicacións no Facebook.
- Comunicado 15 de xuño "Bo trato na vellez" e 29 de abril "A Educación Social é interxeracional".
- Colaboración coa Universidade de Viseu (Portugal) co relatorio "Avellentamento Activo e xubilación".

- Comunicado en colaboración con Fagal e outros colexios profesionais sobre a atención ás persoas maiores no recurso "Casas do Maior".
- Xuntanza co Presidente da Federación de Familiares e Usuarias de Residencias e da Dependencia, REDE.

Integrantes:

- Selene Arias Sáez.
- Mercedes González Pazos.
- Mª Esther Pérez Enríquez.
- Mónica Serrano Soto.
- Laura Vilaboy Romero.
- Vanessa Villar Armada.

Miolo, Grupo de Saúde

- Asistencia a Xornadas relacionadas coa Saúde mental e as adiccións.
- Xuntanza coa Consellería de Sanidade.
- Manifesto polo día Mundial da Saúde Mental.
- Artigos en prensa comentando temas relacionados co noso ámbito de actuación.
- Participación naquelas iniciativas propostas polo Ceesg.

Integrantes:

- Sara Alba Gómez.
- Laura Casal Figueroa.
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.

Altas en 2021: Tamara Ramos Tato.
Baixas en 2021: Rocío Núñez Rúa.

Participación no CGCEES

- **Coordinación da área de Comunicación**.
- Participación nas campañas divulgativas con motivo de **días internacionais** (2 de maio, Día contra o acoso escolar. 2 de outubro, Día da Educación social. 10 de outubro, Día da Saúde Mental.)
- Participación na sesión formativas sobre estratexia xurídica ***'Os colexios profesionais ante as OPEs'***
- Participación na formación ***'Código deontolóxico e Comisións Deontolóxicas'***, organizada polo CGCEES.
- Participación nas **Asembleas ordinaria e extraordinaria e Xuntas de Goberno.**
- Participación nas **xuntanzas de Presidencias**.
- Coordinación da **Comisión de Xénero e Diversidade** (Grupo Fiadeiras)
- Participación na **Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.** (Grupo Geix)
- Participación na **Comisión non permanente sobre o Test de proporcionalidade.**
- Participación na **Comisión de Institucións Penitenciarias**.
- Participación na **Comisión de Ética**.
- Participación na **Vocalía de Sociolaboral**.
- Participación no **encontro virtual de Secretarías Técnicas** dos colexios profesionais integrantes do CGCEES.

- Xuntanza entre a **Xunta de Goberno do Ceesg e a Xunta de Goberno do CGCEES**.
- Acompañamento e participación na xuntanza da presidencia do CGCEES coa **presidencia da Conferencia de Decanatos de Educación**.
- Participación no **Congreso da Sociedade Iberoamericana de Pedagoxía Social**.
- **Achegas** para o trámite de consulta pública previa para a elaboración do *anteproxecto de* ***Lei de Diversidade Familiar e Apoio ás Familias*** promovido polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. Achéganse ao CGCEES como entidade representativa a nivel estatal. Entre outras cuestións, sinalamos a conveniencia de recoñecer a Educación Social nos equipos profesionais.
- **Achegas** á ***Guía de Competencias Interprofesionales para la promoción de la Parentalidad Positiva. Un recurso para enriquecer y consolidar las buenas prácticas en la atención a la Infancia, Adolescencia y Familias.*** Para o seu traslado á FEMP xunto coas achegas das demais entidades integrantes do CGCEES.
- **Achegas**, no período de consulta pública previa, ao anteproxecto de lei orgánica pola que se modifica a lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Para o seu traslado xunto coas achegas das demais entidades integrantes do CGCEES.

Outras cuestións

Retribucións dos membros da Xunta de Goberno: Ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe cotas colexiais:

Cota de alta:

- No 1º ano dende a obtención do grao: 15€
- No 2º ano dende a obtención do grao: 35€
- A partir do 2º ano dende a obtención do grao: no ano 2021 rebaixouse de 65€ a 52 € ('Camiña con nós'. Vixencia ata 31/12/2021)
- Posibilidade de exención no caso de que a colexiación fose facilitada por unha persoa xa colexiada ('Camiña con nós'. Vixencia ata 31/12/2021)

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€
- Posibilidade de redución do 20% no caso de facilitar a colexiación dunha nova persoa colexiada ('Camiña con nós'. Vixencia ata 31/12/2021)

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007. A actualización da cota de mantemento segundo o IPC (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017) queda anulado durante os anos 2021 e 2022 (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2021).

Cotas de amigas/os do Ceesg: 20€ por curso académico, segundo o aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2012.

Cota do seguro de responsabilidade civil (non obrigatorio): 4,59€/ano.

Procedementos informativos e sancionadores: Non houbo.

Queixas e reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras: Non houbo.

Cambios no contido do código deontolóxico: Non houbo.

ceesg

colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

ceesg.gal